

MENOS DEMOCRACIA NA UNIVERSIDADE DE VIGO: DOCAMPO ELIMINA A REPRESENTACIÓN SINDICAL NO CONSELLO DE GOBERNO MALIA O ACORDO DO CLAUSTRO DE REFORMAR OS ESTATUTOS SOAMENTE O IMPRESCINDIBLE

A PRESENCIA DAS CENTRAIS SINDICAIS REMÓNTASE Ó TEMPO DA CREACIÓN DA UNIVERSIDADE

A aprobación do regulamento de réxime interno do Consello de Goberno do pasado día 29 de xullo, elimina dunha plumada o dereito de voz que tiñan as centrais sindicais neste órgano de decisión. Deste xeito, desaparece del a representación das entidades independentes que non tiñan maior interese que contribuír, coas súas achegas, a crear unha universidade máis democrática, plural e participativa, e a mellorar coa súa corresponsabilidade todos os sectores que a conforman.

Resulta abraiante comprobar cómo a institución se vai contaxiando, pouco e pouco, dos hábitos políticos da vida pública extrauniversitaria: simplificando a complexidade, facéndose cada vez máis personalista —aspecto ben querido polo rector Docampo, quen parece seguir a máxima de “comigo ou contra min”—, afastándose o máis posible do debate e evitando sempre render contas, especialmente cando hai voces críticas. En definitiva, contribuíndo a un sistema empobrecido, acartonado e exento de xuízos.

Os sindicatos desempeñaron un labor ben importante na andaina da universidade de Vigo desde que fora creada, coa súa presenza na Xunta de Goberno. Agora son expulsados do órgano que a substitúe sen explicación ningunha —salvo que consideremos tal a opinión do rector de que os sindicatos xa están representados no Consello Social—. Todo isto, en contra da opinión do Claustro da Universidade, que recomendara unicamente, que se modificasen as disposicións estritamente imprescindibles do marco normativo actual (LRU e estatutos), e a través do método favorito dos profesionais do poder: modificando os regulamentos. Desafortunado momento, cando a universidade, para se enfrontar ós formidables retos do momento presente precisa, coma o osíxeno, axuntar esforzos para os dar superado.

Semella que aconteceu hai moito tempo, pero só hai un ano que, por estas datas, as centrais sindicais dabamos a saída ás grandes protestas en contra da LOU. Daquela, o rector Docampo semellaba tamén estar en contra. Chegou a dicir que a universidade, como fora concibida, estaba en perigo e que cumpría fornecernos para resistir os duros embates ós que ía ser sometida. Os sindicatos, sempre tan inxenuos, non entendemos ben o verdadeiro alcance destas frases.

Agora, as centrais sindicais CC.OO., CIG e UGT enviamos un comunicado á comunidade universitaria toda para salientar estas consideracións e para lles pedir, ademais, ó Claustro e mais ó Consello de Goberno que nos restitúan esta representación perdida. Aínda non contestaron, e non podemos esquecer que este inxusto regulamento contou co apoio de claustrais e de membros do Consello de Goberno que son, asemade, delegados sindicais da CIG (Pedro Membiela e Enrique Costas abstivéronse na votación do Consello de Goberno). Resulta cada vez máis difícil saber cál é a posición desta central sindical sobre os temas que afectan ós dereitos sindicais cando se trata de atacar propostas procedentes do equipo de goberno.